

## Elaboración de materiais con Open-Sankoré

Cada asistente elaborará un **documento de creación propia** empregando o software Open Sankoré para poder empregalo na súa práctica docente nas próximas sesións.



Medites o contido da túa actividade, debe ser un tema que vaías a impartir próximamente na aula cos teus alumnos. O mais importante é que lle atopes utilidade ao que vas facer, noutro caso non terá sentido teu traballo.

Debemos ter unha lección do libro de texto que empregan os teus alumnos en formato dixital; en caso de que non teñas acceso, escanea a lección, ou en último caso faille fotos as páxinas.

Abre o programa Open Sankoré en Modo encerado branco.

**1. Portada;** A portada habitualmente se reserva para o título e a licenza;



- ✓ Escribe os datos do recurso na pestana “Portada”.
- ✓ Edita a etiqueta do título e cámbialle a cor, a tipo de letra, o tamaño, etc
- ✓ Engade unha páxina para comezar o traballo

**2. Páxinas de Teoría**

- ✓ Exporta o pdf coa lección enteira.
- ✓ Sobre ese texto darás unha explicación aos alumnos , subliñarás , etc.


**3. Páxinas de Exercicios;**

- ✓ Pon o equipo en modo Escritorio 
- ✓ Localiza o enunciado de dous problemas das probas PISA. (Teclea no navegador Web: [recursostic inee pisa](http://recursostic.inee.pisa)).
- ✓ Empregando as tixoiras recorta os enunciados que te interesen e engádeos a unha páxina nova.
- ✓ Lembra de bloquear os obxectos para que non se movan.

**4. Páxinas de obxectos animados**

- ✓ Pon o equipo en modo Escritorio 
- ✓ Navega por internet para localizar algunha animación relacionada coa túa lección.
  - Web do IES María Zambrano, ( teclea no buscador: [iesmariazambrano flash](http://iesmariazambrano.flash))
  - Blog de Jose Antonio Borreguero ([teclea](http://teclea) [cienciasnaturales flash](http://cienciasnaturales.flash))
  - GeogebraTube, ([teclea](http://teclea) no buscador [geogebraTube](http://geogebraTube) )
  - Simulacións de ciencias ( física, matemáticas, tecnoloxía,...) da universidade de colorado ( [teclea](http://teclea) [universidad colorado](http://universidad.colorado) [animaciones html5](http://animaciones.html5))
- ✓ Atopada a simulación que te interesa, copia a súa url

- ✓ Engade unha páxina ao teu documento e pega a url ( **OLLO!!** emprega a opción “Pegar” da icona Open-



Sankoré.

**5. Páxinas con actividades de creación propia**


- ✓ Explora as carpetas de Aplicacións e Interaccións e inclúe algunhas actividades que se adapte ao teu contido.

**6. Páxinas con recursos multimedia de creación propia.**

- ✓ Grávate audio / vídeo disertando un poema, lendo un frase ou nunha pequena interpretación; achégao ao documento, simplemente arrastrando sobre a pestana biblioteca. Emprega o seguinte software:
  - Audio: Menú de aplicativos/ Son e vídeo/ Audacity.
  - Vídeo: Menú de aplicativos/Son e vídeo/ guvcview.

**7. Garda o documento.** para cambiar de equipo, o equipo da casa ou da sala de profesores.

- Acude ao modo documentos; verás que por defecto xa figuran gardados todos os documentos creados coa data e a hora; cámbialle o nome para poder identificalo con facilidade, e expórtao a formato open-sankoré para pode levalo a outro equipo.



**8. Exporta o documento.**

- Exporta o documento a pdf para poder subilo á web, envíalo a un alumno que non foi a clase, etc.

